

A "APDR" ANALIZA A SAÍDA DE "CAIXA GALICIA" DA PRESIDENCIA DE "ENCE".

Diante da nova situación producida no accionariado de ENCE, que ten provocado a perda da maioría por parte de Caixa Galicia e situado ao empresario Juan Luís Arregui como maior accionista e presidente da empresa en substitución de José Luís Méndez, a "Asociación Pola Defensa da Ría" quere facer pública a súa posición ao respecto:

1º.- Para a "APDR", este cambio no accionariado para nada vai facer mudar a situación pola que atravesamos o complexo de ENCE en Lourizán nen a nosa posición contraria á continuidade da súa actividade industrial na nosa Ría. ENCE segue sendo unha empresa condeada por delicto ecolóxico, que continúa incumprindo a lexislación en materia de vertidos á Ría e que nen sequera cumpre a autorización de vertido outorgada por "Augas de Galicia" no ano 2003.

2º.- Con independencia de quen obste a maioría do accionariado e a presidencia da empresa, o goberno galego ten a obriga de cumprir o seu acordo de goberno verbo da empresa ENCE, un acordo que supón a desaparición da fábrica da súa actual ubicación na Ría de Pontevedra.

3º.- Para a "APDR" a saída de Caixa Galicia da presidencia de ENCE non é en absoluto casual; trátase dunha decisión perfectamente estudada desde a cúpula da entidade financeira, que tiña en ENCE un atranco importante nas súas relacións co actual goberno da "Xunta de Galicia". Non se debe descartar tampouco que detrás desta nova situación agochen as aspiracións do Sr. Méndez a presidir unha hipotética "caixa galega úneca" resultante da fusión das dúas hoxe existentes no país.

4º.- Doutra banda, tamén a "Xunta de Galicia" pode ter agora as mans máis libres para afrontar o tema ENCE, pois é indubidabel que non son o mesmo as relacións coa Caixa que coa empresa do Sr. Arregui.

5º.- En calquera caso, hai que salientar o fracaso de Caixa Galicia –e o do propio Sr. Méndez– que non foi quen de conquistar nen a consolidación de ENCE en Lourizán nen moito menos a súa ampliación co proxecto pomposamente denominado "Tisú de Lourizán".

Desde a "APDR", que considera imprescindible a desaparición inmediata do complexo ENCE-ELNOSA para que o saneamento e a recuperación da Ría sexan posibles, seguimos exixindo da "Xunta de Galicia" que acometa o problema dunha vez por todas e que o faga pensando no interese social, no interese da inmensa maior parte da poboación galega, e non coa vista posta no exclusivo interese da empresa e dos seus propietarios.

Pontevedra, 13 de abril de 2006.

